

### Á Mesa do Parlamento

**Juan M. Fajardo Recouso, Xosé M. Beiras Torrado, Antón Sánchez García, Xabier Ron Fernández, Ramón Vázquez Díaz e Eva Solla Fernández**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**.

O xoves 21 de xaneiro de 2016 o presidente do Grupo Tragsa daba por finalizada a aplicación do expediente de extinción colectiva o que supoñía de facto que fosen despedidos 555 persoas no conxunto do estado e 77 en Galicia, feito que non parece razoable cando a empresa anuncia que iniciará un proceso de contratacións temporais para cubrir moitos destes postos de traballo.

Queda demostrado que o problema da empresa non é o custe laboral da plantilla, senón a propia dirección que dilapida máis de 23,2 millóns de euros en operación de implantación internacional, ou mantén prebendas e salarios desorbitados para os membros da dirección (por centenaes).

Por todo isto, Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA), formula a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Que medidas vai a realizar o Goberno galego para garantir a readmisión dos traballadores despedidos en TRAGSA e TRAGSATEC?

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2016.



**Asinado dixitalmente por:**

**Juan Manuel Fajardo Recouso na data 08/02/2016 12:35:14**

**Xosé Manuel Beiras Torrado na data 08/02/2016 12:35:23**

**Anton Sánchez García na data 08/02/2016 12:35:26**

**Ramón Vázquez Díaz na data 08/02/2016 12:35:29**

**Eva Solla Fernández na data 08/02/2016 12:35:31**

**Jose Javier Ron Fernandez na data 08/02/2016 12:35:34**